

USOS DE QUE

1. Tónico:

Pronome (interrogativo-exclamativo)

Ten as funcións propias do sintagma nominal, con ou sen preposición:

Suxeito: *Que aconteceu?*

Complemento directo: *Que me dixeches?*

Atributo: *Que é iso?*

Suplemento: *De que me falas?*

Complemento indirecto: *A que dedica o tempo libre?*

Complemento circunstancial: *Por que fas iso?*

Adxacente preposicional: *En nome de que actúas así?*

Determinante. Pode determinar a calquera substantivo, masculino ou feminino, singular ou plural: *En que libro o liches? A que hora quedamos? Que nenos máis travesos! Que cousas se che ocorren!*

2. Átono

Pronome relativo

Admite calquera antecedente, masculino ou feminino, singular ou plural, ou neutro. Pode ter como antecedente, mesmo, un adxectivo ou un adverbio: *O listo que é! Hai que ver o tarde **que** chegaches!*

Ademais da súa función como nexos subordinante, desempeña na oración de relativo a función substantiva que lle corresponda. Por exemplo:

Suxeito: *O empregado que me atendeu era moi amable*

Complemento directo: *Iso que dis non é certo; eu non quero que te vaias*

atributo: *por moi barato que sexa ese coche, non o compro*

Suplemento: *Este é o libro de que che falei*

Complemento circunstancial: *O pobo en que nacín é pequeno*

3. Conxunción

Oracións substantivas

As proposicións subordinadas substantivas poden levar como nexos subordinante a conxunción **que**: *Repítoche que non o sei; non teño ganas de que me molesten*

Oracións adverbiais Moitas proposicións adverbiais levan como nexos de subordinación unha locución conxuntiva que inclúe a conxunción **que**: *Dígocho para que o saibas; xa que mo pides, fareino.* Algunhas chegaron a formalizarse como conxuncións: *porque, aínda que*. Na fala coloquial é frecuente utilizar a conxunción **que** en case todas as proposicións adverbiais: *Non subas aí, que vas caer (causal); Achégate, que te vexa ben (final)*

Comparativas

A conxunción que introduce segundo termo dunha comparación. As proposicións comparativas de superioridade e inferioridade poden levar como nexos subordinante a conxunción **que** (xunto con **ca**): *O meu traballo é máis duro que o teu; este camiño é menos perigoso que aquel.*

Consecutivas

As proposicións consecutivas intensivas levan tamén como nexos a conxunción **que**: *Cheguei tan tarde que xa non había ninguén; é TANTO o que se popularizou QUE é coñecido en todo o mundo; foi algo TAN sinxelo QUE me saíu perfecto adquiriu TAL dimensión QUE todos falaban diso*

En determinadas expresións coloquiais de valor ponderable, elídese, por sobreentendido, o primeiro segmento da consecutiva:

Está QUE trina (Sobreenténdese tan enfadado; Bailas QUE dá gusto (Sobreenténdese tan ben).

Causais explicativas

Introduce oracións subordinadas causais explicativas, con sentido equivalente a **porque**: *Voume, que*

teño que ir a Lugo

Finais

Introduce oracións subordinadas finais, con sentido equivalente a **para que**: *Quita esa máscara, que che vexamos a cara; Ven, que te vexa!*

Adversativas

Cando se combina cunha negación, adquire sentido adversativo. *Esa maleta é del, que non miña; Pepe, que iso teu non é coiro, que é plástico*

Concesivas

A conxunción que equivale á conxunción ou en expresións con sentido concesivo. Repetida ou non, equivale á conxunción ou en expresións de sentido concesivo: *que veña, que non veña [= veña ou non veña, ' aínda que non veña'], eu si penso ir á festa; queiras que non, iso farase así*

4. Outros usos:

-- Introduce **oracións independentes que expresan diversos matices**, entre os que cabe destacar os seguintes:

a) Advertencia: *que vas caer!*

b) Queixa ou lamentación: *que me pase isto a min, aos meus anos!*

c) Desexo: *que che vaia ben*

d) Asombro, xeralmente en oracións interrogativas: **que non quere comer? Pois que quere?**

e) Resumo do oído ou do enunciado con anterioridade: *Ou sexa, que es feliz*

f) Hipótese, xeralmente en oracións interrogativas, con sentido equivalente a se: *que non chegamos a tempo? [= se non chegamos a tempo] Pois nos volvemos.*

g) Precedido da preposición a, manifesta convencemento sobre o que se expresa a continuación: *A que é preciosa? ; a que te pillo!*

h) Tamén se usa para incitar ou retar o interlocutor a realizar unha acción: *A que non me alcanzas*

-- Úsase a conxunción **que** como **reforzo detrás de adverbios** de afirmación como **se, claro, naturalmente, seguro, seguramente**, etc.: *Claro QUE ten razón; naturalmente QUE te conmovín; seguro QUE tamén te enganou; Si (QUE) funciona; Seguramente (QUE) este sabe algo*

É opcional o seu emprego detrás de **oxalá**:

Oxalá (QUE) isto remate pronto

Tamén é opcional a súa presenza tras as **locucións adverbiais** temporais **nisto, niso**:

Nisto (QUE) saíu a enfermeira ; niso (QUE) entrou o xefe berrando

-- Forma parte de numerosas **locucións conxuntivas**: *ao punto que, a non ser que, antes (de) que, así que, como queira que, con tal (de) que, dado que, de xeito ou modo que, despois (de) que, onde queira que, en tanto que, mentres que, por máis que, posto que, xa que, etc.*

-- A conxunción **que** forma parte de **estruturas reiterativas**. Entre formas verbais idénticas de 3ª p. sg do presente de indicativo, forma parte de estruturas de valor reiterativo, nas que o segundo verbo aparece opcionalmente precedido de **te**:

Esa pobre segue chora QUE chora; ela continuou chora QUE TE chora; todo o ano traballando, dálle QUE dálle

Indica os valores de QUE nas seguintes oracións:

1. Que sexa azul, que sexa verde, a min gústame
2. Dixo que lle gustaba a saia en azul e en verde
3. Gustáballe máis a saia azul que a verde
4. Comprou unha saia en azul que lle gustaba máis cá verde
5. Gustáballe tanto a saia en azul que nin siquera mirou para a verde
6. Entre a azul e a verde, con que saia quedas?
7. Que cores tan bonitas teñen estas saias!
8. A saia que me gusta de verdade é a azul e non a verde
9. Por verde que fose a saia non lle gustaba tanto coma a azul
10. Agachoulle a saia verde, que escollese a azul
11. Cando o viu sabía que faría o posible por vir
12. Tiña tanta presión no cargo que presentou a demisión
13. Pero, a que hora chegas eses? Ai, eu voume que non podo agardar máis
14. Viña a que lle ensinase agora os novos patíns
15. Recibiron máis regalos de voda e cartos do que en principio pensaron
16. O que veña aos exames deberá traer todo o material necesario
17. Non entendín a que viña tanta présa por marcharen
18. Perderon o interese por aquela peza e por barata que llela vendesen non a mercarían
19. Mira ti que de paxaros lle naceron desta niñada!
20. A rapaza estaba tan leda que tivo que facer grandes esforzos por disimular o que non quería que se soubese